

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MAR**

EXTRACTO da Orde do 28 de xuño de 2023 de incremento do crédito da Orde do 21 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2023 para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas a proxectos colectivos, financiados polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables, tramitada como anticipado de gasto (código de procedemento PE209B).

BDNS (Identif.): 670624.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. Obxecto

Con base no artigo 30.2.b) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, acórdase ampliar o crédito destinado á financiamento das axudas previstas na Orde do 21 de decembro 2022 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2023 para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas a proxectos colectivos, financiados polo FEMP, para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables, tramitada como anticipado de gasto (código de procedemento PE209B).

Incrementábase en trinta mil euros (30.000,00 €) o crédito destinado ao financiamento das axudas previstas na Orde do 21 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2023 para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas a proxectos colectivos, financiados polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables, tramitada como anticipado de gasto.

O citado incremento consignarase, ao igual que o crédito previsto na convocatoria, na aplicación orzamentaria 15.03.723A.770.1, código de proxecto 2016 00293.



Polo tanto, o importe máximo das subvencións que se concederán con cargo a esta convocatoria en 2023 pasa a ser de setecentos oitenta mil euros (780.000,00 €) nunha única anualidade, a 2023.

As porcentaxes de cofinanciamento das axudas son do 75 % con fondos FEMP e o 25 % pola Comunidade Autónoma.

En todo caso, a concesión das axudas estará limitada ás dispoñibilidades orzamentarias.

A publicación desta orde non supón apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

Segundo. *Bases reguladoras*

Orde do 21 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2023 para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas a proxectos colectivos, financiados polo FEMP, para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sostibles, tramitada como anticipado de gasto (código de procedemento PE209B).

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2023

Silvia Cortiñas Fernández
Secretaría xeral técnica da Consellería do Mar

CVE-DOG: qpvgwtk3-1x86-3112-11i7-b0ouborgxlq4

